

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 475/2012

Visto o procedemento negociado que se segue neste Concello para a adxudicación do contrato de SERVIZO PARA ASESORAMENTO XURÍDICO E DIRECCIÓN DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS.

Visto que por Resolución de Alcaldía de data 5 de decembro de 2012 procedeuse á aprobación do expediente de contratación, comprendendo dito acordo a aprobación dos correspondentes pregos e a autorización do gasto.

Resultando que, cursadas invitacións a tres persoas capacitadas para levar a cabo o obxecto do contrato, presentou oferta dentro de prazo D^a Paula Casal Canabal, con DNI/NIF 35.319.896-S.

Vista a oferta presentada, vistos os criterios de valoración previstos na cláusula 18 dos Pregos, considerando o disposto no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011 por o que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP, e considerando as competencias da Alcaldía en materia de contratación establecidas na Disposición adicional 2^a do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP outorgouse a seguinte valoración ás ofertas presentadas:

D^a Paula Casal Canabal, con DNI/NIF 35.319.896-S: Total: 13,00 puntos.

- Memoria do servizo: 8 puntos.
- Prezo de adxudicación: 0 puntos
- Formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades, desenrolo económico, voluntariado e dinamización social ou de grupos: 5 puntos.

En data 21.12.12 declarouse como oferta máis vantaxosa a presentada por D^a Paula Casal Canabal, con DNI/NIF 35.319.896-S, e requíruselle para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presentase a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de ter constituído a garantía definitiva por importe de 822,78€ (equivalente ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE). A dita documentación foi presentada no Rexistro do Concello o 26.12.12.

Consta no expediente ingreso realizado pola interesada en data 26.12.12 por un importe de 822,78 € en concepto de "garantía definitiva por adxudicación do contrato de asesoramento xurídico CIM".

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de CSP.

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar o contrato de SERVIZO PARA ASESORAMENTO XURÍDICO E DIRECCIÓN DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS, a D^a PAULA CASAL CANABAL, por un importe de 1.657,70


€/mes, (IVE incluído), declarada oferta máis vantaxosa por resolución de Alcaldía de data 21 de decembro de 2012.

Segundo. Notificar ó adxudicatario a presente resolución e requirirle para a sinatura do mesmo en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte o da notificación da adxudicación definitiva , todo isto de conformidade co artigo 156 Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP.

Terceiro. Publicar a adxudicación definitiva do contrato no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas."

Ponte Caldelas, 27 de decembro de 2012

○ Alcalde,



Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

A Secretaria acctal.



Asdo.: Celia Rodríguez Adán